



THE VISIT

BENVIDOS Á TERRA

UN FILM DE MICHAEL MADSEN

Michael Madsen

A HISTORIA




É certo que a Terra pode non ser visitada por alieníxenas, pero desde a invención da radio e a televisión, os humanos estiveron enviando sinais ao espazo exterior. Ao anunciar a nosa especie ao máis alá para outras posibles civilizacións, as probabilidades de recibir unha resposta aumentaron de forma exponencial. Por tanto, xa non debemos preguntarnos que pasaría se sucedese, senón que faremos cando suceda.

A película constrúe un arrepiante e crible escenario da primeira toma de contacto con vida extraterrestre na Terra. Un filme que leva os espectadores a unha viaxe máis alá do seu punto de vista terrestre, que revela temores, esperanzas e rituais dunha especie obrigada tarde ou cedo a facerlles fronte a formas de vida alieníxenas que poden ou non vernos como unha ameaza. Unha mirada persoal á imaxe que temos como especie e como civilización.

O DIRECTOR

Michael Madsen é artista conceptual e director da premiada película *Into Eternity* (2010). Os seus filmes máis recentes son *Halden Prison* e *Cathedrals of Culture* iniciada xuntamente con Wim Wenders. Ademais foi profesor convidado na Royal Danish Academy of Art, a Danish Film School e a Universidade de California, entre outras.



FICHA TÉCNICA

Director: Michael Madsen
Dirección de fotografía: Heikki Färm
Montaxe: Nathan Nugent, Stefan Sundlöf
Producción: Lise Lense-Møller

Auxiliares de produción: Carsten Aanonsen, Andrew Freedman, Nikolaus Geyrhalter, Markus Glaser, Sami Jahnukainen, Michael Kitzberger, Wolfgang Widerhofer
Produtora: Magic Hour Films